



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O USO GRATUITO DOS SERVIZOS NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.

No lugar e na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Luís Menor Pérez, presidente da Deputación provincial de Ourense, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas partes, recoñécense capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio de colaboración e para estes efectos.

EXPOÑEN

Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao



abeiro do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á infancia e á adolescencia así como de protección e tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo, incluíndo a implantación, realización e seguimento de programas, servizos e equipamentos dirixidos á prevención e á atención das situacións de desprotección que poidan afectar ás persoas menores.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Ourense están interesadas en establecer canles de colaboración necesarias para a promoción do deporte nos centros de protección de menores en situacións complicadas, vulnerables e complexas.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social e Igualdade está interesada en apoiar e promover a práctica do deporte dos/das menores residentes no Centro Educativo de Menores de A Carballeira (Ourense) mediante a súa participación nos programas de fitness e escolas deportivas que se desenvolven no Pazo dos Deportes Paco Paz, dependente da Deputación provincial de Ourense, onde poderán recibir formación deportiva de calidade nun ambiente divertido e seguro.

Polo exposto, as partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é determinar a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Ourense para promover a práctica de actividades deportivas entre os/as menores residentes no Centro Educativo de Menores de A Carballeira, a través da participación gratuíta destes menores nos programas de fitness e escolas deportivas que se desenvolvan no Pazo dos Deportes Paco Paz de Ourense, dende a entrada en vigor deste convenio e ata o 31 de decembro de 2027.



Segunda. Financiamento

O presente convenio de colaboración non implica ningún custe económico para a Conselleira de Política Social e Igualdade, nin para o Centro educativo de menores A Carballeira.

Terceira. Obrigas da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a facilitar a participación de xeito gratuíto, nos programas de fitness e escolas deportivas que se desenvolvan no Pazo dos Deportes Paco Paz dependente da administración provincial, aos mozos e mozas residentes no Centro Educativo de Menores de A Carballeira, centro dependente da Consellería de Política Social e Igualdade.

Cuarta. Obrigas do Centro de Menores de A Carballeira

O Centro de Menores de A Carballeira achegará semestralmente á Consellería de Política Social e Igualdade unha relación das persoas menores, residentes no dito centro, que participen nos programas deportivos recollidos na cláusula primeira deste convenio.

Quinta. Obrigas dos/das menores beneficiarios dos programas obxecto do convenio

As persoas menores que participen nos programas deportivos recollidos na cláusula primeira deste convenio, no Pazo dos Deportes Paco Paz, deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno do centro deportivo e non interferir ou alterar o normal desenvolvemento do funcionamento neste.

En caso contrario e previo apercibimento a dirección do centro deportivo poderá determinar a súa expulsión nas mesmas condicións que calquera outro usuario.

Sexta. Danos ocasionados

Os danos que, no seu caso, se ocasionen nas instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz polos/as menores que participen dos programas previstos na cláusula primeira deste convenio, serán cubertos polo seguro contratado pola Deputación Provincial de Ourense para tal fin.





Sétima. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio.
2. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Deputación Provincial de Ourense, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.
3. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de infancia.
4. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de infancia, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.
5. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Causas de resolución

En virtude do artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o presente convenio de colaboración extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.





c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Novena. Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento 2016/679 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non Autorizados.

Do tratamento dos datos de carácter persoal darase a correspondente información ás persoas interesadas, co contido que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Cada parte será responsable dos seus correspondentes tratamentos de datos de carácter persoal e do absoluto respecto da normativa de protección de datos consonte ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Décima. Vixencia e prórroga do convenio

O convenio estará vixente dende o día da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2027.

Con todo, as partes de mutuo acordo, poderán proceder á súa prórroga, por períodos sucesivos non superiores cada un deles a un ano ata un límite de tres anos. Prórrroga que deberá ser subscrita con anterioridade á data de vencemento.

A duración máxima do convenio respectará as limitacións temporais previstas no artigo 49 de la Ley 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico del sector público.



Décimo Primeira. Réxime Xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel, así como o estipulado na Lei 40/2015, do 1 de outubro. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación supletoria os principios inspiradores da citada Lei 9/2017, do 8 de novembro, sendo competente a xurisdición contencioso-administrativa para coñecer todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

Décimo Segunda. Obrigas de publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e na data da sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igualdade

O Presidente da Deputación Provincial de
Ourense

Fabiola García Martínez

Luis Menor Pérez

